



**PROGRAMACIÓN DOCENTE DE INSTRUMENTO V
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015 DO 29 DE OUTUBRO)

Curso 2024/25

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO V										
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO		FRAUTA
CARÁCTER	MATERIAS OBRIGATORIAS ESPECÍFICAS							TIPO DE CLASE		INDIVIDUAL
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA							XEFE/A DE DPTO.		ISMAEL VAQUERO BAQUERO
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	MARTA COMESAÑA ABREU
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1,5H
ECTS/CUAD.	-	-	-	-	10	-	-	-	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS							EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA
	Marta Comesaña Abreu							marta.comesana@edu.xunta.gal		Martes de 17:30h a 18:30h

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan a interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madureza creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Repertorio con instrumento de tecla acompañante sendo inherente á súa esencia e existencia. Débese considerar tamén a estratexia de intentar relacionar dentro do posible, o contido propio da materia coa anteriormente mencionada e coa de Música de Cámara, permitindo que as tres se poidan complementar.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E14, E15, E16, E110
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro.	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.	T1, T6, T13, T17, X1, X3, X6, X8, X11, X13, EI1, EI2, EI4, EI5, EI10
2. Acadar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc...	T1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X11, X13, X21, X24, EI1, EI2, EI4, EI5, EI6
3. Coñecer as convencións interpretativas de cada estilo e época.	T1, T13, T17, X1, X3, X8, X11, X13, EI1, EI4, EI5, EI10
4. Adestrar a memoria.	T1, T3, T6, T13, T15, X1, X8, X21, X24, EI2, EI5
5. Coñecer e practicar os diferentes instrumentos da familia da frauta.	T1, T3, T13, X1, X6, X8, X11, EI1, EI4
6. Adquirir hábitos de estudo correctos que permitan o desenvolvemento do sentido autocrítico, a capacidade de superación e a rendabilidade do tempo empregado.	T 1, T2, T3, T6, T13, T15, X1, X3, X8, X13, X21, X24; EI2, EI4, EI5, EI6



4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN *		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Interpretación*	1.1 Respiración, recursos e exercicios. 1.2 Sonoridade como base da interpretación. 1.3 Escalas, arpexios, exercicios diarios como base imprescindible para unha correcta interpretación. 1.4 Articulación (diferentes tipos de picados, ligados, acentos, combinación dos mesmos e traballo axeitado para os mesmos) 1.5 O fraseo. Aplicación das variedades de articulación e combinacións posibles de sonoridade. 1.6 Desenvolvemento de exercicios específicos a partir das dificultades ou necesidades atopadas nunha obra ou estudo. 1.7 Estudos de diferentes estilos. 1.8 Obras de diferentes estilos. 1.9 Interpretación en público (convencións e dificultades) 1.10 Autoaprendizaxe como parte principal da formación do intérprete. 1.11 Autoavaliación do método de traballo individual. 1.12 Preparación e realización de probas e audicións de forma autónoma.	16
2. Análise musical aplicada*	2.1 Contextualización estilística e histórica do material a interpretar. 2.2 Análise formal aplicada. 2.3 Análise harmónica aplicada.	16
3. Estudio do repertorio con instrumento acompañante		Presenciais na disciplina de Repertorio con pianista acompañante.
4. Coñecemento dos principais compositores, escolas e tendencias da creación musical		8
5. Desenvolvemento da memoria musical	5.1 Memorización de exercicios técnicos. 5.2 Memorización de pasaxes musicais. 5.3 Memorización de obras breves.	12
6. Audición pública	6.1 Interpretación en público das obras e/ou estudos traballadas en clase e propostas polo profesor.	6 (fora das sesións de aula)
*Temas aos que se adicará parte de cada unha das sesións		
TOTAL SESIÓNS:		16

* Se o número de sesións non coincidira coas propostas por causas de calendario, adaptaranse os contidos ás sesións efectivas no curso.



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
<p>1. Actividades de ensino aprendizaxe</p> <p>1.1 Recuperación de lagoas ou ideas erróneas. Actividades de avaliación das capacidades adquiridas polo alumno ao longo da súa formación previa e do seu traballo individual. Propostas de métodos de traballo adicados a acadar novos obxectivos así como a mellorar os aspectos mal asimilados.</p> <p>1.2 Reforzamento e consolidación do traballo. Actividade na que se traballará sobre competencias xa adquiridas para o reforzamento das mesmas e como paso previo ao salto posterior cualitativo e cuantitativo en cada un dos temas propostos.</p> <p>1.3 Elaboración e reelaboración da información. Actividade de reflexión (conxunta na aula e posteriormente individual do alumno) e acción tanto no eido técnico como interpretativo. O alumno será guiado técnica e interpretativamente na aula en cada sesión, requiríndolle en sucesivas sesións a posta en práctica da reflexión, elaboración e reelaboración tanto de exercicios técnicos como interpretativos que o conduzan a unha maior autonomía na resolución de problemas no desenvolvemento do feito interpretativo.</p>	24	180* (Práctica individual)	24
<p>2. Actividades de consolidación</p> <p>2.1 Audicións públicas de fruta con acompañamento de piano.</p> <p>2.2 Audicións públicas de fruta soa.</p> <p>Actividade que consiste na interpretación en público das obras de fruta con acompañamento de piano e/ou de fruta soa propostas polo profesor. Os profesores de fruta serán o tribunal cualificador de esta actividade. A actividade será avaliada respetando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación.</p> <p>2.3 Exames de estudos.</p> <p>Actividade que consiste na interpretación dun ou máis estudos dos traballados durante as clases individuais ante os profesores de fruta como tribunal. A actividade será avaliada respetando a porcentaxe especificada nos criterios de avaliación.</p>	8	0	8
<p>3. Práctica individual. Actividade individual do alumno na que practicará tódolos contidos traballados en clase tratando de acadar os obxectivos descritos na programación.</p>	0	210*	210



<p>4. Pesca de información. Actividade de pesca de información por parte do alumno na que complementará o coñecemento dos contidos a traballar investigando sobre os compositores, estilos, contextos históricos, discografía, bibliografía, etc. das obras traballadas en clase.</p>	0	30	30
<p>5. Actividades complementarias e extraacadémicas</p> <p>5.1 Probas e concursos do centro.</p> <p>5.2 Probas e concursos fora do centro.</p> <p>5.3 Cursos e masterclases con intérpretes de reputado prestixio.</p> <p>Participación en probas e concursos tanto dentro como fora do centro así como asistencia a cursos e masterclases impartidas por intérpretes de reputado prestixio.</p>	8	20	28
TOTAL HORAS:			300

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
<p>Interpretación dos exercicios técnicos, estudos e obras propostos polo profesor en cada unha das clases.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Nivel técnico amosado nas clases. 2. Execución rítmica precisa e segura. 3. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 4. Fidelidade ao texto. 5. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 6. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 7. Capacidade autocrítica. 8. Autonomía no traballo amosado. 9. Autonomía na proposición de exercicios para a superación de dificultades técnicas específicas. 	Todas	20%
<p>Audicións públicas de frauta acompañamento de piano e audicións públicas de frauta soa.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 	Todas	50%



	<ol style="list-style-type: none"> 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. 		
Exames de estudos e exercicios técnicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 	Todas	30%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
<p>Audición pública. Interpretación dun estudio e tres obras de diferentes estilos, cando menos unha delas para frauta sola.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. 	Todas	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) *(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			
<p>Audición pública. Interpretación dun estudio e tres obras de diferentes estilos, cando menos unha delas para frauta sola.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. 	Todas	100%



6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

<p>Audición pública. Interpretación dun estudio e tres obras de diferentes estilos, cando menos unha delas para frauta sola.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Execución rítmica precisa e segura. 2. Calidade do son e afinación. Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas. 3. Fidelidade ao texto. 4. Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión. 5. Coherencia e rigor estilística na interpretación. 6. Capacidade autocrítica. 7. Autonomía no traballo amosado. 8. Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio. 	<p>Todas</p>	<p>100%</p>
---	---	--------------	-------------

CRITERIO PARA A CONCESIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

Os alumnos que acaden unha cualificación de 9 poderán ser propostos para obter matrícula de honra.

No caso de que o número de alumnos propostos supere ó número de matrículas de honra posibles, resolverase nas audicións programadas para a avaliación do cuadrimestre.

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral d dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p><i>Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</i></p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>



8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS	
MÉTODOS	<ul style="list-style-type: none"> • BERNOLD, Ph.: <i>LA TÉCHNIQUE D'EMBOUCHURE</i> • DICK, R.: <i>EL DESARROLLO DEL SONIDO MEDIANTE NUEVAS TECNICAS (Tone development through extended techniques)</i>, trad. Alfredo García Martín-Córdova, • MOYSE, M.: <i>ÉTUDES ET EXERCICES TECHNIQUES; GAMMES ET ARPÈGES; "DE LA SONORITÉ": ART ET TECHNIQUE</i> • REICHERT, M. A.: <i>SEPT EXERCICES JOURNALIERS</i> • TAFFANEL, P.: GAUBERT, Ph.: <i>17 EXERCICES JOURNALIERS</i> • WYE, Tr.: <i>TEORÍA Y PRÁCTICA DE LA FLAUTA</i> (os 6 volumes)
ESTUDIOS	<ul style="list-style-type: none"> • DICK, R.: <i>FLYING LESSONS</i> (un a escoller) • KARG-ELERT, S.: <i>TRENTE CAPRICES</i>, op. 107 (5 a escoller) • OFFERMANS, W.: <i>FOR THE CONTEMPORARY FLUTIST</i> (un a escoller) • PAGANINI, N.: <i>24 CAPRICES POUR FLÛTE</i> (transcripción de P. Gallois, Ed. A. Leduc) (4 a escoller)
OBRAS PARA FRAUTA SOA (listado orientativo)	<ul style="list-style-type: none"> • ARNOLD, M.: <i>FANTASÍA PARA FRAUTA SOA</i> • BACH, J. S.: <i>PARTITA EN LA MINOR</i> • DICK, R.: <i>AFTERLIGHT; LOOKOUT</i> • FUKUSHIMA, K.: <i>MEI</i> • KARG-ELERT, S.: <i>SONATA APPASIONATA</i> • KÜHLAU, Fr.: <i>FANTASÍA</i> (unha a escoller): nº 1, 2 e 3 op.38 • OFFERMANS, W.: <i>TSURU-NO-SUGOMORI</i> • RIBAS, J. M. DEL CARMEN: <i>CAPRICCIO SU'UN ARIA SVIZZERA PER FLAUTO SOLO</i> • TAKEMITSU, T.: <i>AIR; ITINERANT</i>
OBRAS PARA FRAUTA E BAIXO CONTINUO OU CLAVE OBRIGADO (listado orientativo)	<ul style="list-style-type: none"> • BACH, J. S.: <i>SONATA</i> (unha a escoller): SOL MENOR BWV 1020; MI BEMOL MAIOR BWV 1031; DO MAIOR BWV 1033 • BACH, J. S.: <i>SONATA</i> (unha a escoller): LA MAIOR BWV 1032; SONATE MI MINOR BWV 1034; MI MAIOR BWV 1035



<p>OBRAS PARA FLAUTA E PIANO (listado orientativo)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • BOZZA, E.: <i>AGRESTIDE</i> • BROTONS, S.: <i>SONATA</i> • DUTILLEUX, H.: <i>SONATINE</i> • FELD, J.: <i>SONATA</i> • FRANCK, C.: <i>SONATA EN LA MAJEUR</i> • KARG-ELERT, S.: <i>CANZONA SINFÓNICA</i> • KÜHLAU, F.: <i>GRAND SOLO</i> (un a escoller); nº 1, 2 e 3 • MARTIN, Fr.: <i>BALLADE (1938)</i> • MESSIAEN, O.: <i>LE MERLE NOIR</i> • MUCZYNSKI, R.: <i>SONATA</i> • PISTON, W.: <i>SONATA</i> • PROKOFIEV, S.: <i>SONATE</i>, op. 94 • REINECKE, C.: <i>SONATA UNDINE op.. 167</i> • SANCAN, P.: <i>SONATINE</i> • TULOOU, J. L.: <i>GRAN SOLO nº13</i> <p><u>FRAUTA E ORQUESTRA</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • BACH, J.S.: <i>SUITE Nº2 EN SI MENOR</i> • BACH, C. Ph. E.: <i>CONCERTO</i> (un a escoller): Re m; La M; Si bemol M; Sol M; La m • DEVIENNE, Fr.: <i>CONCERTO</i> (un a escoller) • MOZART, W. A.: <i>CONCERTO</i> (un a escoller): nº 1 SOL M K 313, nº 2 RE M K 314 • REINECKE, K.: <i>CONCERTO</i>, op. 283 • ROMBERG, B.: <i>CONCIERTO en SI m</i>
<p>LIBROS</p>	<ul style="list-style-type: none"> • ARIAS, A.: <i>HISTORIAS DE LA FLAUTA, AUTORES Y OBRAS</i>, TIENTO • ARTAUD, P.-Y.: <i>À PROPOS DE PÉDAGOGIE</i>, BILLAUDOT • BOEHM, Th.: <i>THE FLUTE AND FLUTE PLAYING</i>, DOVER • BROWN, R.: <i>THE EARLY FLUTE, A PRACTICAL GUIDE</i>, CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS • DEBOST, M.: <i>UNA FLAUTA SENCILLA...</i> SONATA EDICIONES (tradución de Taciana Gómez Malet) • GIRARD, A.: <i>LA FLÛTE (HISTOIRE ET RICHESSES DE LA FLÛTE)</i>, GRÜND • GRAF, P.-L.: <i>INTERPRETATION</i> (2001), SCHOTT • LE ROY, R.: <i>TRAITÉ DE LA FLÛTE</i>, EMT • LEVINE, C. e MITROPOULOS-BOTT, C.: <i>LA FLAUTA: POSIBILIDADES TÉCNICAS</i>, IDEA BOOKS (tradución de David Padrós). • LORENZO, L. de: <i>MY COMPLRTE STORY OF DE FLUTE</i>, LUBBOCK TEXAS TECH UNIVERSITY PRESS • POWELL, A.: <i>THE FLUTE BOOK</i>, YALE UNIVERSITY PRESS • QUANTZ, J. J.: <i>ESSAI D'UNE MÉTHODE POUR APPRENDRE À JOUER DE LA FLÛTE TRAVERSIÈRE</i>, ZURFLUH FAC-SIMILÉ • TOFF, N.: <i>THE FLUTE</i>, OXFORD UNIVERSITY PRESS • TROMLITZ, J. G.: <i>MÉTODO MINUCIOSO Y DETALLADO PARA TOCAR LA FLAUTA</i>, DASÍ-FLAUTAS EDICIONES (tradución de Manuel Morales) • VEILHAN, J.-C.: <i>LES RÈGLES DE L'INTERPRÉTATION MUSICALE À L'ÉPOQUE BAROQUE (S.XVII-XVIII)</i>, LEDUC



RECURSOS
ELECTRÓNICOS

YOUTUBE

- **TONEBASE FLUTE**
[tonebase Flute - YouTube](#)
- **JASMINE CHOI**
[Jasmine Choi - YouTube](#)
- **CLASSICAL MUSIC BACKINGS**
[Classical Music Backings - YouTube](#)
- **PLAY WITH A PRO MUSIC ACADEMY**
[Play With A Pro Music Academy - YouTube](#)
- **EMILY BEYNON**
[Emily Beynon - YouTube](#)
- **THE MASTERCLASS MEDIA FOUNDATION**
[The Masterclass Media Foundation - YouTube](#)
- **EGOR EGORKIN**
[Egor Egorkin - YouTube](#)

ENLACES WEB

- **RICK WILSON, *OLD FLUTES***
[Rick Wilson's Historical Flutes Page \(oldflutes.com\)](#)

APPS

- **SPOTIFY** – REPRODUCTOR DE MÚSICA ONLINE
PATREON; REALSTAGE FOR FLUTE – BASES DE ACOMPAÑAMIENTO DE PIANO E ORQUESTRA